



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 17 DE ABRIL DE 2018.**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día dezasete de abril de dous mil dezaoto, baixo a Presidencia de D. SENEN POUSA SOTO, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinaria. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. SUSANA FERNÁNDEZ POUSA.

D. JUAN ANTONIO SANTAMARÍA RODRÍGUEZ.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION CELEBRADA CON DATA 20 DE MARZO DE 2018.- No foron formuladas alegacións nin reclamacións o borrador, quedando aprobada a Acta da sesión celebrada con data 20 de marzo de 2018.

2.- APROBACION PADRÓN COBRATORIO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES 2018.- Remitida pola A.E.A.T. o Padrón do Imposto sobre Bens Inmobles (rústica e urbana) correspondiente ao exercicio do 2018, comprensivo dos valores catastrais, e en atención a ordenanza fiscal reguladora do imposto, procedeuse a confección do padrón cobratorio e exposición pública.

Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, acordan aprobar o Padrón cobratorio do IBI urbana 2018.

3.- LICENCIAS DE OBRA.- Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advirtíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licenza quedará sin efecto, de no cumprirse as condicións fixadas.

AUTORIZAR a D. MANUEL FORMIGO DE LA FUENTE, con domicilio en Beade, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmobile sito na Rúa Cabo de Vila, 38, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar **obras de renovación de cuarto de baño**, de acordo co Informe emitido pola Arquitecta Municipal.

A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cúa liquidación ascende o seguinte importe:

*** 2% sobre presuposto de execución de 6.500,00 €..... 130,00 €.**



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Telf.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: info@beade.es

AUTORIZAR a D. JAVIER ESTÉVEZ ABELEDO, con domicilio en Beade, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmoible sito na Rúa Porriñeira, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar **obras de colocación de Tellado sobre columnas para gardar coche e leña**, de acordo co Informe emitido pola Arquitecta Municipal.

A presente licencia non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cúa liquidación ascende o seguinte importe:

*** 2% sobre presuposto de execución de 3.546,22 €..... 70,92 €.**

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e quince minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo. Senén Pousa Soto.

Asdo. Pablo Fernández Loureiro